

REGULAMENTO DE ASIGNACIÓN EFECTIVA DO ENCARGO DOCENTE DAS MATERIAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER A DEPARTAMENTOS E ÁREAS DE COÑECEMENTO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez aprobados os *Regulamentos de Adscrición Funcional a efectos de Docencia das Materias das Titulacións de Grao e Máster a Departamentos e Áreas de Coñecemento* (CG 19/11/09 e 21/12/09) este regulamento presenta as instrucións para a asignación efectiva do encargo docente destas materias á/s área/s de coñecemento correspondente/s en base aos coeficientes de afinidade 1, 2 e 3 (meros indicadores cualitativos de afinidade).

Con esta normativa preténdese conseguir unha adecuada distribución dos recursos existentes, dotándonos dos mecanismos áxiles que faciliten a toma de decisións respecto de novos recursos de profesorado e introducir argumentos de interdisciplinidade na formación das titulacións de Grao e de Máster. O obxectivo principal é regular un procedemento que permita propoñer, no proceso da Programación Académica Anual de cada curso académico, a profesorado pertencente a calquera das áreas que teñen adscrita unha materia para facerse cargo da docencia, no caso de que a relación capacidade - necesidades docentes destas áreas o faga necesario, e sen que isto supoña cambios de adscrición da materia.

Verbo de todo o anterior, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do día 17 de febreiro de 2010, acorda aprobar este *Regulamento de Asignación efectiva do Encargo Docente das Materias das Titulacións de Grao e Máster a Departamentos e Áreas de Coñecemento na Universidade de Santiago de Compostela*.

Artigo 1.- Da asignación efectiva do encargo docente

1. A asignación efectiva do encargo docente dunha materia de Grao ou de Máster, a unha ou varias áreas de coñecemento que a teñan adscrita, será realizada polo Centro responsable da titulación de Grao ou pola Comisión Académica no caso da titulación de Máster, como parte do procedemento para a elaboración da Programación Académica Anual (P.A.A.).
2. Todas as materias deberán ser asignadas a unha ou mais áreas de coñecemento, escollidas entre as áreas que a teñen adscrita, seguindo o procedemento descrito neste regulamento.
3. Nos casos de asignación de docencia dunha materia a máis dunha área de coñecemento os Centros e Departamentos deberán especificar as horas que se lle asignan a cada unha. Agás casos excepcionais debidamente xustificadas, nas titulacións de grao o número de áreas en cada grupo de docencia axustarase para que a media das horas lectivas asignadas a cada unha sexa igual ou superior a 16. Así mesmo, deberá reflectirse de xeito explícito a área proposta como responsable do procedemento académico e da coordinación entre os departamentos e/ou as áreas de coñecemento no relativo á programación da materia, á súa impartición e aos procedementos de

avaliación de acordo coa normativa que, de ser o caso, proceda. Tamén se poderán establecer mecanismos de rotación da coordinación (anual, bianual, ...).

4. Como norma xeral, a asignación de docencia dunha determinada materia estará vixente polo menos tres cursos académicos completos, podendo ser revisada por causas xustificadas, así apreciadas pola Vicerreitoría, durante a fase de elaboración da P.A.A. do curso seguinte. A revisión poderá ser iniciada, a instancias das Vicerreitorías con competencias en organización académica, profesorado e oferta docente, polas Comisións Académicas dos másteres, e polos Centros, Institutos e Departamentos interesados.

5. As áreas de coñecemento considerarán conxuntamente os encargos de docencia das materias dos títulos de Grao e Máster que teñan adscritas co mesmo coeficiente de afinidade, sen prexuízo das normas específicas e prioridades que sexan de aplicación.

Artigo 2. Capacidade lectiva das áreas nun campus

Para os efectos da aplicación desta normativa, utilizarase a capacidade lectiva da área nun campus: suma da capacidade lectiva (horas de clase) de todos os seus membros de acordo coas súas categorías e dedicación, tendo en conta as reducións por cargos académicos (cun límite de 720 horas por área) e representación sindical.

Artigo 3. Procedemento de asignación efectiva do encargo docente ás áreas de coñecemento.

1. A Vicerreitoría con competencias en organización docente solicitará dos Decanos/Directores dos Centros responsables das titulacións de Grao e dos Coordinadores das titulacións de Máster unha proposta de asignación do encargo de docencia das materias dos novos títulos de Grao e Máster ás áreas de coñecemento, que será elaborada de acordo cos Departamentos implicados e aprobada, segundo o caso, pola Xunta de Centro ou polas Comisións Académicas dos Másteres ou órgano coas mesmas competencias.

2. Para a asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) a áreas de coñecemento, tomarase como referencia a táboa de adscricións das materias de grao e máster a áreas de coñecemento dándolle a prioridade que corresponda segundo os coeficientes de afinidade, resultado da aplicación dos *Regulamentos de Adscrición Funcional a efectos de Docencia das Materias das Titulacións de Grao e de Máster a Departamentos e Áreas de Coñecemento na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polos Consellos de Goberno de data 19 de novembro de 2009 e 21 de decembro de 2009 respectivamente.

3. No caso de que varias áreas teñan o mesmo coeficiente de afinidade en relación a unha determinada materia, para determinar a área ou áreas da asignación efectiva da docencia, os Centros, as Comisións Académicas e os Departamentos terán en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- Historia previa da docencia de materias análogas ou afíns por parte das devanditas áreas de coñecemento.
- Análise de recursos humanos dispoñibles nas áreas con capacidade académica para atender a docencia na materia.

- Disposición da área/departamento para formar parte de equipos docentes multidisciplinares con outros profesores do título que, de ser o caso, procedan.
- Compromiso de participación activa dos departamentos na coordinación e nas actividades para a mellora da docencia e da titulación.

4. Para a asignación do encargo docente a áreas de coñecemento, os Centros e as Comisións Académicas procederán en dúas fases, que serán establecidas en función das dificultades que poidan xurdir no mecanismo de asignación:

a) Primeira fase

Asignación do encargo docente das materias ás áreas que as teñan adscritas con coeficiente de afinidade máximo (igual a 3), tendo en conta os requisitos establecidos no artigo 1.

En caso de afinidade máxima compartida, o Centro e a Comisión Académica serán os responsables de realizar a asignación en base ao artigo 1 apartado 3 deste Regulamento.

A prioridade na asignación será: materias básicas de grao, obrigatorias de grao, optativas de grao, obrigatorias de máster, optativas de máster (todas con afinidade 3).

b) Segunda fase

Os Centros, e as Comisións Académicas, de acordo cos Departamentos, na medida do posible, axustarán as propostas de asignación á capacidade lectiva das áreas correspondentes. Con ese obxectivo modificarán as asignacións feitas na fase anterior, liberando materias asignadas por exceso da capacidade lectiva dalgunha área para seren asignadas ás áreas que as teñan adscritas con coeficiente de afinidade 2 e que aínda dispoñan de capacidade lectiva no campus.

De persistir asignacións de docencia superiores á capacidade lectiva nalgunha área, procederáse a unha segunda volta na que se liberarán materias asignadas por exceder a capacidade lectiva nesta segunda fase para asignalas ás áreas que as teñan adscritas con afinidade 1 e aínda dispoñan de capacidade lectiva no mesmo campus.

As materias liberaranse e asignaranse a outra ou outras áreas de coñecemento tratando de que as necesidades docentes queden cubertas na seguinte orde de prioridade: básicas de grao, obrigatorias de grao, optativas de grao, obrigatorias de máster, optativas de máster (todas con afinidade 2 ou 1 para ás áreas que deben asumilas).

5. Os Departamentos poden voluntariamente renunciar a liberar materias asignadas por exceso da capacidade lectiva das súas áreas, co compromiso de asumir a súa docencia cos recursos de que dispoñen. Do mesmo xeito, na procura dun equilibrio de carga lectiva, os Departamentos, de mutuo acordo, poden asumir asignacións de materias con afinidade 2 ou 1, liberadas por áreas que as teñen adscritas con afinidade 3 pero non exceden da súa capacidade lectiva.

6. Rematado o proceso, os Departamentos e, de ser o caso, a Vicerreitoría con competencias en organización académica e profesorado acordarán as medidas necesarias para poder asumir os excesos de asignación de docencia sobre a capacidade lectiva que aínda persistan así como o axuste das necesidades de titorías que correspondan.

7. En calquera das fases, para as materias adscritas co mesmo coeficiente de afinidade a varias áreas, a súa docencia poderá asignarse a calquera das áreas que aínda teña capacidade lectiva para impartila, de acordo co sinalado no artigo 3, alínea 3. En caso de dúbida, optarase pola área con maior capacidade lectiva aínda sen utilizar ou con menor exceso de asignación por enriba da capacidade lectiva. Alternativamente, pódese repartir entre as áreas, indicando o número de horas asignadas a cada área, de acordo co artigo 1 alínea 3.

8. Toda materia (de Grao ou Máster) adscrita a unha área de coñecemento ten prioridade para asignación da docencia a esa área sobre calquera outra adscrita á mesma área con coeficiente de afinidade inferior. Asemade, as materias de Grao adscritas a unha área teñen prioridade de asignación de docencia sobre as materias de Máster adscritas á mesma área con coeficiente de afinidade igual ou inferior.

9. Corresponde á Vicerreitoría con competencias en organización académica a aprobación das asignacións de docencia elaboradas polos Centros e as Comisións Académicas tras a correspondente valoración da aplicación dos criterios establecidos neste Regulamento, podendo solicitar os informes e asesoramentos que considere convenientes.

10. A Vicerreitoría competente en materia de organización académica e profesorado formulará unha proposta de asignación para aquelas materias para as que non exista pronunciamento en relación á asignación do seu encargo por parte dos Departamentos, Centros ou Comisións Académicas, ou as argumentacións non sexan estimadas como suficientes.

11. A Vicerreitoría fará públicas as asignacións aprobadas definitivamente e informará das mesmas no primeiro Consello de Goberno que se celebre.

Disposición adicional

A Vicerreitoría competente poderá aprobar modificacións da asignación de docencia cando estas se produzan de xeito provisional ou as mesmas sexan o resultado da aplicación desta normativa. Neste caso a Vicerreitoría informará ao Consello de Goberno das modificacións producidas cando se realicen cunha validez superior a un curso académico.

Disposición transitoria primeira

Esta normativa aplicarase para o encargo docente de todas as materias de Grao e Máster que deban impartirse no curso académico 2010-11, incluídas as que xa foron impartidas nos cursos anteriores.

No sucesivo aplicarase ás materias de Grao e Máster que se impartan por primeira vez ou ás que teñan unha adscrición previa que deba ser revisada, de acordo co establecido no artigo 1. alínea 4.

Disposición transitoria segunda

En tanto deba impartirse docencia nas titulacións non adaptadas ao EEES, terá prioridade a asignación de docencia das materias correspondentes ás licenciaturas, enxeñaría superiores, diplomaturas e enxeñaría técnicas (de acordo ao método

actualmente vixente) sobre a asignación das materias de Grao e esta sobre a asignación das materias dos Másteres universitarios.

Disposición final

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.